Jose Antonio Lorenzo Rodriguez (1 para 1)
Alcalde
Data de Sinatura: 10/05/2022
HASH: 7fe4a0045172ca9dd446299bb01f96f10

ANUNCIO

Entre os días 1 e 30 de xuño de 2022 pódese solicitar praza na Escola Infantil Municipal de Mondariz Balneario para o curso 2022-2023.

Debe presentarse a seguinte documentación:

- DNI pai / nai / representante legal.
- Libro de familia.
- Xustificante de ingresos (certificacións expedidas pola axencia estatal de administración tributaria, certificado de prestación económica do inem ou certificado de non prestación, se é o caso, certificación de empresa, xustificación doutros ingresos).
- Certificado de minusvalidez alegada polos membros da unidade familiar, so no caso de que non sexa expedido pola Comunidade Autónoma de Galicia.
- Certificado médico. No caso de enfermidades crónicas ou outras afeccións alegadas polos membros da unidade familiar deberase facer constar esta circunstancia no certificado.
- Informe do equipo de valoración e orientación das delegacións provinciais da Consellería de asuntos sociais, emprego e relacións laborais ou órgano competente na materia na Administración do Estado ou nas correspondentes Comunidades Autónomas, sobre a necesidade de integración no caso de nenos con discapacidades.
- Documentación acreditativa de incidencias tales como separación do cónxuxe, abandono do fogar, etc.
- Informe dos servizos sociais do Concello correspondente, no suposto de que sexa necesario por falta de acreditación documental suficiente ou por situacións especiais nas que viva a unidade familiar.
- Tarxeta sanitaria neno/a (en caso de admisión).
- Certificado de convivencia expedido polo Concello onde figura empadroado.
- Catro fotos tamaño carné (en caso de admisión).
- Autorización (no seu caso) dos pais ou titores do neno para facer fotos e gravar vídeos de actividades desenvolvidas na gardería municipal (en caso de admisión).

Pódese solicitar información na Escola Infantil Municipal ou nas oficinas do Concello.

Mondariz Balneario, data á marxe.

Asdo. dixitalmente á marxe: O alcalde

José Antonio Lorenzo Rodríguez

Cod. Validación: 9ZXRGFZKZTXQQDCQ9C6263HE3 | Corrección: https://mondarizbalneario.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 1 a 1